



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de marzo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezasete horas do día cinco de marzo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(212).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2(213).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DA GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2018. EXPTE. 15878/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 1/03/18 e o informe de fiscalización de data 5/03/18, dáse conta do informe-proposta de data 1/03/18, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial (en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, Decreto 14.04.2016) e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 19 de febreiro de 2018, que consta no expediente, o Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica en data 20.02.18, dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para a “Gran gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2018” organizada polo Faro de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.I. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 19 de febreiro de 2018.
- Memoria xustificativa do contrato de data 27 de febreiro de 2018 asinada pola Xefa da Área de xestión patrimonial e territorial, en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, Decreto 14.04.2016.
- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 26 de febreiro de 2018 asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación con data de 28 de febreiro de 2017.
- Informe xustificativo do prezo do contrato de data 2 de marzo de 2017, asinado polo Coordinador deportivo e Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial.
- Informe xurídico favorable da Xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica de data 9 de marzo de 2017

II.- Condicións definitorias do contrato

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato e a contratación do patrocinio publicitario da organización da “Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2018”, proxecto organizado polo “Faro de Vigo”.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 5 e seguintes do TRLCSP.

En cumprimento do art. 22 do TRLCSP, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrixe mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación



Concello de Vigo

Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 20 do TRLCSP “en canto á súa preparación e adxudicación”, en defecto de normas específicas, pola presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante.

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento negociado sen publicidade, consonte o disposto no artigo 170.d) do TRLCSP, por canto a prestación susceptible de acadar as finalidades que o contrato persegue, soamente pode ser contratada por un empresario determinado, neste caso a mercantil Faro de Vigo, SAU como organizador exclusivo da Gala.

II.3.- Prezo e valor do contrato

As contraprestación vinculadas ó retorno indirecto da publicidade obxecto deste contrato, atópanse xustificadas no contido do PPTP.

Ademáis, a proposta realizada polo “Faro de Vigo SAU”, fundamenta a valoración para o patrocinio en relación a dous aspectos, por un lado os custes directos de organización (táboa 1), e en segundo lugar en relación o valor de retorno indirecto de comunicación e difusión (táboa 2) que ofrece a vinculación directa de este proxecto o xornal “FARO DE VIGO”, o cal no ámbito da cidade de Vigo realiza unha labor de información e comunicación no ámbito específico da cidade de Vigo, cun valor de comunicación moi importante, xa que de forma xeral, este xornal acada na cidade de Vigo uns valores de identificación na sociedade moi altos, referendados de forma específica polo datos do estudo “EGM” 3º acumulado móbil do ano 2016, o cal sitúa o xornal como o principal garante para a difusión e divulgación das accións propostas.

Táboa 1:

Concepto	Importe con iva
Deseño de imaxe e realización de elementos de difusión (papelería, sobre, invitacións e preparación e decoración do escenario da Gala).	536,03 €
Reserva local de celebración da Gala	3.146,00 €.
Premios para los nominados e premiados	3.644,28 €
Actos da Gala (presentador, catering, reunións xurado, megafonía azafatas, etc.)	10.296,00 €.

Táboa 2:

Concepto	Importe con iva
Comunicación preva e posterior en prensa	115.216,20 €
Realización dun suplemento especial de 24 páxinas no “Faro de Vigo” co resumen de todos os premiados.	95.541,60 €

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto da “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2017”, establécese en 70.000,00 €. (iva incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento

do proxecto obxecto deste expediente. O importe definido para o patrocinio reflicta unha opción economicamente adecuada e sobre todo si a mesma se compara coa valoración xeral dunha aplicación a prezos de mercado e sobre todo en relación o dato valorado por OJD Xaneiro-Decembro 2015 de 29.112 exemplares diarios e de 264.700 lectores de media segundo 3ª oleada do ano 2016 certificada polo EGM, para o xornal "Faro de Vigo", como base do retorno indirecto da organización da "gala".

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 70.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 12.148,76euros.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) do vixente orzamento para o ano 2018.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

A negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato.
O órgano de contratación clasificará a proposición presentada de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ao licitador a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP.

II.5 Revisión de prezos

Non procede

II.6.- Esixencia de Clasificación

Non se contempla

II.7.- Subcontratación

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos nos artigos 227 e 228 TRLCSP.

II.9.- Prazo de execución e prórroga:

- 1.- O prazo de execución do contrato será de dun mes.
- 2.- Non se contempla posibilidade de prórroga.

II.10.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.11 Responsable do Contrato

A responsable do contrato será a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial.

II.12- Seguridade



Concello de Vigo

O adxudicatario deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 300.000 €.

O adxudicatario, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización da gala .

O local da gala disporá dun aforo mínimo de 1.000 persoas sentadas en cadeiras.

O patrocinado asumirá a seguridade da Gala, implementando as medidas de seguridade precisas en relación ao control de aforo, así como establecendo os correspondentes plans de seguridade e evacuación.

II.13.- Condicións especiais de execución:

Serán condicións especiais de execución:

- a obriga do contratista de estar o corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
- a obriga do contratista de pagar ó seu persoal un salario igual ou superior ó fixado no convenio colectivo que resulte de aplicación ó sector, aplicándose preferentemente o convenio colectivo provincial, de non existir este, o convenio autonómico ou, en última instancia, o convenio estatal.
- a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ó emprego.

II.14.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, aos tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ao licitador que no conxunto dos tres exercicios teña un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre as galas de natureza semellante organizadas nos cinco últimos anos.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación en virtude do disposto no apartado terceiro da disposición adicional 2ª TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 170.d) TRLCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2018, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 26 de febreiro de 2018.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 28 de febreiro de 2018.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 70.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 12.148,76 euros .

- O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía)
- O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 TRLCSP, é de (57.851,23 €).

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sesto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 320.1 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(214).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS INCLUÍDOS NO “PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR” DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 150888/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 2/03/18, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e a concelleira delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 01.03.2018 adoptou, en relación co Exp. nº 150888/301 (contratación do «Programa socio-educativo e de apoio familiar»), o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do «Programa socio-educativo e de apoio familiar» do Concello de Vigo (Benestar Social), que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas do 20.02.2018 (con Anexo I do 21.02.2018: trámite nº 48), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (26.02.2018) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (2.839.858,23 €, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 2310.226.09.07: “Programa menores – convenio infancia” dos vixentes orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:



Concello de Vigo

- 2018: 118.327,42 €.
- 2019: 709.964,57€.
- 2020: 709.964,57€.
- 2021: 709.964,57€.
- 2022: 591.637,10€.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

I.2. Verificada a existencia dun erro material na identificación da data e número de trámite do expediente no que figura anexada a relación do persoal do servizo de intervención familiar susceptible de subrogación (Art. 120 TRLCSP), que non é o nº 48, do 21.02.2018, como se indicaba no Apartado primeiro da parte dispositiva daquel acordo (trámite anulado), senón o nº 116 (Anexo I do PPT), do 28.02.2018, procede efectuar directamente esta corrección.

II. DEREITO/NORMATIVA APLICABLE

II.1. Con carácter xeral, o Art. 109.2 da LPACAP (L.39/2015) sinala que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Trátase dunha facultade atribuída á Admón. para poder corrixir ou rectificar, sen ningún apremio temporal, os erros materiais apreciados nun acto administrativo, coa exclusiva finalidade de impedir que un simple erro desa natureza poida pervivir ou producir efectos desorbitados, como os que suporía acudir ós trámites do procedemento de revisión.

II.2. Con todo, esa simple e directa rectificación ex Art. 109.2 LPACAP, sen máis trámites no caso presente que a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, será sempre de aplicación restrictiva e terá que limitarse a aqueles concretos supostos nos que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por sí mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo (SSTS do 20.07.1984, 27.02.1990 e 21.09.1998, entre outras).

II.3. En efecto, a rectificación material de erros de feito ou aritméticos ten como única finalidade a de eliminar os posibles erros na transcripción ou de simple conta e deben diferenciarse estes supostos daquelas rectificacións de maior transcendencia, non autorizadas polo precepto indicado.

Destas características participa, sen dúbida, o erro material padecido na correcta identificación da data e número de trámite do expediente nº 150888/301 no que figura realmente anexada a relación de persoal esixida polo Art. 120 do TRLCSP; erro que agora se pretende subsanar.

A corrección proposta afecta exclusivamente a ese extremo, manténdose inalterable o resto do contido do acordo da XGL.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable; en especial o Art. 109.2 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a corrección do erro material detectado no Apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 01.03.2018 (Exp. nº 150888/301) referido á identificación da data e número de trámite no que figura incorporada a relación do persoal do servizo de intervención familiar susceptible de subrogación (Art. 120 TRLCSP), que non é o nº 48, do 21.02.2018, como alí se indicaba senón o nº 116, do 28.02.2018, no que consta efectivamente como Anexo I ó Prego de Prescricións Técnicas aquela relación de persoal.

SEGUNDO: Unha vez subsanado o erro padecido, o Apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de referencia queda redactado do seguinte xeito: «*PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do «Programa socio-educativo e de apoio familiar» do Concello de Vigo (Benestar Social), que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas do 20.02.2018 (con Anexo I do 28.02.2018: trámite nº 116), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (26.02.2018) e a demais documentación necesaria.*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(215).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CREACIÓN E MANTEMENTO DO OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DE VIGO. EXPTE. 14689/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/18, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 27 de novembro de 2017, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, acordou iniciar o expediente de contratación **DUNHA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CREACIÓN E MANTEMENTO DO OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DE VIGO** .

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 27 de novembro de 2017.
2. Orde de inicio de 27 de novembro de 2017, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 29 de novembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego .
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 29 de novembro de 2017, asinado o polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
5. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 14 de decembro de 2017.
6. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 14 de decembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego .
7. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 14 de decembro de 2017, asinado o polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
8. Informe do servizo de contratación de data 15 de decembro de 2017, asinado pola técnica de administración xeral.
9. Prego de cláusulas administrativas de data 15 de decembro de 2017, asinado pola técnica de administración xeral coa conformidade da xefa de servizo de contratación.
10. Informe técnico do servizo de Administración electrónica de data 24 de xaneiro de 2018, asinado polo Técnico de sistemas coa conformidade do xefe de servizo de Administración electrónica.
11. Informe ás observacións do servizo de Administración electrónica, de data 1 de febreiro de 2018 do xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

12. Prego de cláusulas administrativas de data 9 de febreiro de 2018, asinado pola técnica de administración xeral coa conformidade da xefa de servizo de contratación.
13. Informe xurídico de conformidade da letrada-xefa de asesoramento e conformidade da titular da asesoría xurídica de data 12 de febreiro de 2018.
14. Informe proposta de aprobación de expediente de data 13 de febreiro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego coa conformidade do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e do concelleiro de Orzamentos e Facenda.
15. Prego de cláusulas administrativas de data 22 de febreiro de 2018, asinado pola técnica de administración xeral coa conformidade da xefa de servizo de contratación.
16. Dilixencia de corrección do prego de cláusulas administrativas, da data 23 de febreiro de 2018, asinado pola técnica de administración xeral.
17. Informe xurídico de conformidade da letrada-xefa de asesoramento de data 23 de febreiro de 2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, en resolución de 27 de novembro de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 141 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 12 de febreiro de 2018, informe favorable ó expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).



Concello de Vigo

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (14689/77) por procedemento aberto da PRESTACIÓN DE CREACIÓN E MANTEMENTO DO OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DE VIGO.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 14 de decembro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas de 22 de febreiro de 2018 que rexirán a contratación da CREACIÓN E MANTEMENTO DO OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DE VIGO

3º.- *Aproba-los gastos que deseguido se relacionan para a contratación do servizo de CREACIÓN E MANTEMENTO DO OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DE VIGO, con cargo á partida 2410 2270602 "Observatorio de emprego" do presuposto do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:*

- Ano 2018 - 23.726,07 euros
- Ano 2019 - 13.456,87 euros
- Ano 2020 - 13.456,87 euros
- Ano 2021 - 13.456,87 euros
- Ano 2022 - 6.728,43 euros.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(216).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6619/252.

Dáse conta da proposta asinada con data 2/03/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de marzo de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- Na sesión do 1 de febreiro de 2018: GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. (lote 3) por non superar o umbral previsto no apartado 8.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Na sesión do 19 de febreiro de 2018, polo motivo previsto na cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares (“*Comportase erro manifesto no importe da proposición*”):
 1. FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lote 1)
 2. UTE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA – GESECO (lote 2)
 3. ALTHENIA, S.L. (lote 2)
 4. UTE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA – GESECO (lote 3)

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Limpeza o 28 de febreiro de 2018:

1. UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. (lote 2)
2. ALTHENIA, S.L. (lote 3)

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1

	Licitadores	Puntuación
1	CONTENUR, S.L.	97,47
2	UTE CESPACIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	83,57
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	77,95



Concello de Vigo

LOTE Nº 2

	Licitadores	Puntuación
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,80
2	UTE CESPACIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	90,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	82,49

LOTE Nº 3

	Licitadores	Puntuación
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,88
2	UTE CESPACIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	87,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	81,64

Cuarto.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONTENUR, S.L. (lote 1) e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lotes 2 e 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía complementaria do 5% do importe de adjudicación sen IVE, esixible unicamente a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. respecto do lote 3 polo motivo previsto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (*"cando a oferta adjudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente"*)

Quinto.- Requerir aos citados licitadores o aboamento de 2.209,45 euros (736,48 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(217).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DOS APARCADOIROS PÚBLICOS DA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 1789/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 2/03/18 e o informe de fiscalización de data 5/03/18, dáse conta do informe-proposta de data 2/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

PRIMEIRO .- En data 21 de maio de 2007, a Xunta de Goberno local acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao a favor da mercantil Puentes y Calzadas Grupo de empresas, S.A., segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno local do 14 de agosto de 2006.

Con data do 21 de xuño de 2007, a empresa Puentes y Calzadas Grupo de empresas, S.A. presenta solicitude na que indicaba “a constitución da sociedade concesionaria específica para o contrato adxudicado é moi conveniente para o financiamento do proxecto” e pedía “que o órgano de contratación, a Xunta de Goberno local, acorde completar o acordo de adxudicación

A Xunta de Goberno local, na data 6 de agosto de 2007, adoptou o seguinte acordo: “Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. e extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por asi constar na proposición gañadora do concurso”

En auto de data 20 de abril de 2017, o Xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil Cocheras Olivicas de Puentes S.A.U. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade Rivas & Montero Bufete de Abogados S.L.P.(agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).



Concello de Vigo

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes.

Por Auto de data 15 de novembro de 2017 o Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña acordou aprobar o Plan de liquidación do patrimonio da entidade concursada nos termos propostos no Plan de liquidación, fixando un prazo de dous meses para a realización das xestións para o cobro da débeda.

Por Providencia de data 16 de novembro de 2017 o Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña da conta do escrito presentado pola administración concursal en data 28 de setembro de 2017 polo que solicita o cese da actividade da concursada e posta a disposición do Concello de Vigo dos aparcadoiros obxecto da concesión e se acorda outorgar un prazo de 5 días ao debedor e aos representantes legais dos traballadores para alegacións. Segundo a Administración Concursal non constan traballadores.

Por Auto de data 16 de febreiro de 2018 o Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña acordou o cese de actividade da mercantil Cocheras Olivicas de Puentes S.A.U. asin como o peche das oficinas, establecementos e explotaciónes da que fora titular a mercantil Cocheras Olivicas de Puentes S.A.U. polo que e previsible que a posta a disposición do Concello de Vigo dos aparcadoiros obxecto da concesión se produza proximamente.

Ainda que a xuicio do Concello a concesionaria e Puentes y calzadas Grupo de Empresas S.A., por ser a empresa adxudicataria do contrato, requerida esta para que continue coa explotación, niega ser a concesionaria, e en previsión da resolución do contrato tendo en conta que á usuarios dos dous aparcadoiros, e especialmente abonados e titulares das cesions de uso que poderían resultar prexudicados, considerase razoable licitar de novo a concesión suxeitando a formalización do contrato a condición suspensiva, de modo que non se produza até a resolución do contrato vixente.

SEGUNDO- Mediante Orde de Servizo de data 23 de febreiro de 2018 a Concelleira-delegada da Area de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos resolveu “ Iniciar o expediente para contratación da xestión do servizo público en réxime de concesión, para a explotación dos aparcadoiros sitios na rua Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao baixo a coordinación da Xefa do servizo de Transportes por corresponder aeste servizo a competencia en materia de aparcadoiros .

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Plan economico financeiro para o procedemento de contratación dos estacionamentos situados na rua Jenaro de la Fuente e Avenida de Castelao elaborado por Seixas Invest. S.L. e presentado na data 27 de decembro de 2017.

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de transportes , de data 23 de febreiro de 2018.

Memoria de data 2 de marzo de 2018

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado pola xefa do servizo de transportes de data 2 de marzo de 2018.

Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 2 de marzo de 2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. A Concelleira-Delegada de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos en resolución de data 23 de febreiro de 2018, acordou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto .-En cumprimento do disposto no artigo 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, figura o informe favorable da Asesoría Xurídica Municipal de data 2 de marzo de 2018.

Quinto.-No artigo 109.3 do TRLCSP se establece que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito. No entanto, o presente contrato non xenera custe económico para a Administración municipal por canto o Concello non aboará prezo ningún. Este será retribuído coas tarifas que abonen os usuarios do servizo e os ingresos complementarios para explotación do mesmo de conformidade co disposto no apartado nº 3 da cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexera a concesión .

Sexto - A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP).

Á vista do exposto, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, previo informe favorable da Asesoría Xurídica Municipal e da Intervención Municipal, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.-Aprobar o Plan económico financeiro para o procedemento de contratación da concesión do servizo público dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e Avenida de Castelao elaborado por Seixas Invest. S.L. e presentado na data 27 de decembro de 2017.

2º Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado pola Xefa do Servizo de Transportes de data 2 de marzo de 2018 e o Prego de cláusulas



Concello de Vigo

administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de contratación, na da data 2 de marzo de 2018 que rexerán a contratación por procedemento aberto da concesión do servizo público dos aparcadoiros situados na rua Jenaro de la Fuente e Avenida de Castelao .

2º. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezasete horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez